



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Sintaxe do Español | Código | 613G01024 | |
| Titulación | Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Gonzalez Garcia, Luis | Correo electrónico | luis.gonzalezg@udc.es | |
| Profesorado | Gonzalez Garcia, Luis | Correo electrónico | luis.gonzalezg@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo descritivo e teórico das unidades e operacións de composición sintáctica usadas na lingua española. | | | |



| | |
|-----------------------------|--|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos Non se prevén modificacións nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Actividades iniciais - Solución de problemas - Lecturas - Traballos tutelados - Proba mixta - Obradoiro - Sesión maxistral</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado -Correo electrónico. Diariamente. Utilizarase para atender as consultas de tipo particular do alumnado. -Moodle. Varias veces por semana, segundo as necesidades. Usarase para proporcionar ao alumnado o material necesario para a docencia e avaliación. Tamén se utilizarán distintos tipos de foros para resolver consultas de carácter colectivo sobre a elaboración das actividades de obradoiro e solución de problemas ou sobre o contido das sesións expositivas. -Teams. Semanalmente. A docencia expositiva, interactiva e de titorías en grupos reducidos realizarase mediante videoconferencia no horario aprobado pola xunta de facultade. Para a titorización do traballo tutelado utilizaranse os anteriores medios (correo electrónico e Teams para consultas individuais ou de grupo reducido, os foros de Moodle para consultas de tipo xeral).</p> <p>4. Modificacións na avaliación En caso de docencia non presencial variará a porcentaxe dos sistemas de avaliación do seguinte xeito: - Proba mixta: 40 % - Solución de problemas: 40 % - Traballos tutelados: 20 % *Observacións de avaliación: Tanto a proba mixta coma o traballo tutelado e os exercicios de solución de problemas deberán ser realizados telematicamente. A proba mixta realizarase de forma asíncrona utilizando programas como Office Forms ou Moodle. O traballo será titorizado por vía telemática (correo electrónico, Moodle, Teams). Os exercicios de solución de problemas serán catro, en lugar de tres. Dous serán realizados en forma de test (utilizando Office Forms ou Moodle).</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha.</p> |
|-----------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A3 | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria. |
| A5 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |



| | |
|-----|---|
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| A19 | Dominar a gramática da lingua española. |
| A21 | Coñecer a variación lingüística da lingua española. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------------------|----------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer os métodos e conceptos máis importantes na análise sintáctica da lingua española | A1 A3 | B7 | |
| Coñecer as correntes teóricas e metodolóxicas da sintaxe e saber aplicarlas á análise sintáctica do español | A1 A3 A11 A15 A19 | B1 | |
| Identificar as estruturas sintácticas da lingua española e ser capaz de explicar o seu funcionamento | A2 A5 A15 A21 | | |
| Aplicar os coñecementos sintácticos adquiridos á solución de problemas relacionados co uso da lingua | A10 A14 | B2 B3 B6 | |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. A sintaxe. Conceptos xerais. | 1. A sintaxe como disciplina lingüística. 2. As Funcións sintácticas. 3. Parataxe e hipotaxe. Coordinación e subordinación. 4. As Categorias morfosintácticas. 5. Unidades simples, complexas e compostas. |
| 2. O grupo, sintagma ou frase. A estrutura do sintagma. | 1. Tipos de sintagmas ou frases: 1.1. Frases endocéntricas: substantivas e pronominais, adxectivas, adverbiais. 1.2. Frases exocéntricas: conxuntivas, preposicionais e nominais. 2. Frase composta vs. construción coordinada. |
| 3. A cláusula ou oración. | 1. A oración na gramática tradicional. Criterios empregados e definicións. Cláusula e enunciado. Cláusula e proposición. 2. A cláusula. Configuración básica. As funcións clausais. 3. Clases de cláusulas: segundo a súa modalidade e segundo a súa polaridade. |



| | |
|--|---|
| 4. A tradicional oración complexa ou composta. | <p>1. A análise da oración composta na gramática tradicional: Parataxe e hipotaxe. Coordinación, xustaposición e subordinación. A interordinación.</p> <p>2. Tipos de subordinadas:</p> <p>2.1. Subordinadas substantivas.</p> <p>2.2. Subordinadas adxectivas. Subordinadas de relativo.</p> <p>2.3. O problema das subordinadas adverbiais ou circunstanciais. Propostas.</p> <p>2.3.1. Subordinadas adverbiais propias e impropias: circunstanciais (lugar, tempo, modo), causais, finais, concesivas, condicionais; consecutivas e comparativas.</p> <p>2.3.2. Oración e período. Oración e unidades supraoracionais.</p> |
|--|---|

| Planificación | | | | |
|------------------------|--------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | B1 B3 B6 B7 | 1 | 0 | 1 |
| Solución de problemas | A1 A2 A3 A11 A15 A19 B1 B2 B7 | 10 | 10 | 20 |
| Lecturas | A3 A10 A11 A21 B3 | 0 | 13 | 13 |
| Traballos tutelados | A1 A3 A5 A11 A14 A19 B2 B6 B7 | 3 | 27 | 30 |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A5 A15 A19 B3 B6 B7 | 0 | 25 | 25 |
| Obradoiro | A1 A3 A11 A14 A15 A19 B1 B3 B6 B7 | 10 | 10 | 20 |
| Sesión maxistral | A1 A3 A21 | 19 | 19 | 38 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Realizárase unha presentación do curso e unha avaliación inicial do alumnado. |
| Solución de problemas | Formulación de problemas e outras actividades de tipo práctico relacionadas co contido da materia. |
| Lecturas | Presentación de lecturas complementarias á docencia expositiva do profesor. |
| Traballos tutelados | Redacción escrita dun traballo realizado en grupo sobre algún punto do temario. O traballo será posteriormente presentado oralmente se o número de matriculados o permite. |
| Proba mixta | Proba teórica e práctica escrita realizada ao final da materia |
| Obradoiro | Actividades de tipo práctico complementarias. |
| Sesión maxistral | O profesor presentará cada un dos temas. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|---|---|
| Proba mixta Traballos tutelados Solución de problemas | <p>Alumnos con dispensa académica recoñecida ou a tempo parcial: favorecerase o uso de titorías presenciais ou telemáticas como apoio á docencia. Por outra banda, aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación, mais con maior flexibilidade nas datas de entrega, que se acordarán entre profesor e alumno.</p> <p>Dedicarase atención personalizada á realización do traballo tutelado e a resolución de todo tipo de dúbidas relacionadas coa materia.</p> <p>Recoméndase a utilización das horas de titoría para resolver todo tipo de dúbida ou problema.</p> |
|---|---|

| Avaliación | | | |
|-----------------------|----------------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A5 A15 A19 B3 B6 B7 | A proba mixta consistirá nun exame global da materia que se realizará ao finalizar o curso. Constará de dúas partes, unha teórica e outra práctica. | 50 |
| Traballos tutelados | A1 A3 A5 A11 A14 A19 B2 B6 B7 | O traballo, que será redactado por escrito, será elaborado en grupo. A selección de grupos e asignación de temas realizarase nas primeiras semanas de clase e a súa entrega efectuarase a finais do cuatrimestre. Opcionalmente, poderá ser presentado oralmente en clase. | 20 |
| Solución de problemas | A1 A2 A3 A11 A15 A19 B1 B2 B7 | Ao comezo do curso xa aparecerán en Moodle seis exercicios elaborados de acordo coa progresión dos temas (cada exercicio está relacionado coa aplicación práctica dalgún aspecto do temario). O alumno deberá seleccionar tres deses exercicios e entregalos nas datas propostas (que están repartidas equitativamente ao longo do cuatrimestre). | 30 |

Observacións avaliación



De acordo coas normas da facultade, na proba mixta hase de obter unha cualificación mínima de 4 puntos (sobre 10) para aprobar a materia. Tamén se esixirá o 40 % da puntuación na parte práctica (2 sobre 5).
Cualificarase como non presentado quen non se presente ao exame final oficial, independentemente do número de actividades entregadas.

Na segunda edición de actas (mes de xullo) deberanse recuperar aqueles instrumentos de avaliación arriba descritos que sexan necesarios para acadar a cualificación de aprobado, coas mesmas porcentaxes que na primeira edición, se ben pode variar o número de exercicios esixidos.

Só se cualificará como non presentado quen xa tivese esta cualificación na primeira edición de actas e, ademais, non se presente ao exame oficial de xullo.

O estudante comprométese a gardar unha copia de cada exercicio ou traballo, en previsión de problemas na recepción.

Os traballos, actividades e exames deben cumprir as esixencias de corrección lingüística propias destes textos (ortografía, puntuación, precisión léxica, rexistro formal, discurso coherente e cohesionado etc.). Penalizarase a nota dos escritos que non se axusten a esta norma.

O deseño de actividades adecuarase ao desenvolvemento dos distintos temas do programa para que a súa entrega se realice de maneira paulatina ao longo do cuadrimestre.

No referente a plaxio ou outra falta de honradez académica aplicarase o estipulado nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Modificadas polo Consello de Goberno de 28 de setembro de 2016).

Alumnos con dispensa académica recoñecida: aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación, con maior flexibilidade nas datas de entrega (agás o exame oficial), que se acordarán entre profesor e alumno. O traballo tutelado será individual e non será necesario expoñelo na aula.

Alumnos erasmus e estranxeiros: Recoméndase un nivel equivalente a B1 como mínimo para matricularse na materia. Ao final de curso, esixirase un nivel equivalente a B2.

Alumnado con necesidades especiais. Intentarase, na medida do posible, adaptar a materia ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Bosque, Ignacio y Violeta Demonte (eds.) (1999). Gramática descriptiva de la lengua española. Madrid: Espasa-Calpe- Escandell, V. Leonetti, M. y Sánchez, C. (eds.) (2011). 60 Problemas de Gramática. Madrid: Akal- Gili Gaya, Samuel (1961). Curso superior de sintaxis española. Barcelona: Vox- Gutiérrez Ordóñez, Salvador (1997). La oración y sus funciones. Madrid: Arco Libros- Hernanz, Mª Lluisa y J. Mª Brucart (1987). La sintaxis. 1. Pincipios teóricos. La oración simple.. Barcelona: Crítica- Narbona, Antonio (2014-2016). Las subordinadas adverbiales impropias en español. Sevilla: Altaica Ediciones Universitarias- Real Academia Española (2009). Nueva gramática de la lengua española. Madrid: Espasa-Calpe- Rodríguez Ramalle, Teresa María (2005). Manual de Sintaxis del español. Madrid: Castalia Universidad- Rojo, Guillermo y Tomás Jiménez Juliá (1989). Fundamentos de análisis sintáctico funcional. Santiago de Compostela: Universidad |
| Bibliografía complementaria | |



| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Materias que continúan o temario |
| Observacións |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías